O Concello por providencia do Sr. Alcalde, poden sen outro trámite, cortar o subministro de auga a un aboado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuíto e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando exista rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello, así como os "limitadores de subministro dun tanto alzado". Tódalas concesións, responden a unha póliza ou contrato subscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

**Artigo 15.**-

O corte da acometida por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse, o pago dos dereitos de nova acometida.

**Artigo 16.**-

O cobro da taxa, farase mediante recibos bimensuais. A conta que non se fixera efectiva, dentro do mes seguinte á terminación do período respectivo, esixirase pola vía de apremio ós debedores do subministro de auga como queda dito.

**Artigo 17.**-

En caso de que por escaseo de caudal, augas sucias, secas, xeadas, reparacións,etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereitos a reclamación algunha, nin indemnización por danos, prexuízos ou calquera outros conceptos, atendéndose neste senso que a concesión se fai a título precario.

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

**RESPONSABLES**

**Artigo 18.-**

Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste Réxime de tributación.

Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consistiran no incumprimiento por quenes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posibles as infraccións. Así mesmo tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando neglixencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS**

**Artigo 19.-**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Burela, 31 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2089

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Faise público que por Resolución de Alcaldía de data 28 de xullo de 2026, foron delegadas as funcións de Alcaldía-Presidencia, por ausencia do termo municipal de Castroverde, na Primeira Tenenta de Alcalde, dona Mª Pilar ferreiro Villar, dende o día 1 ao 10 de agosto de 2026, ambos os dous inclusive.

Castroverde, 31 de xullo de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2090

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 27 de xullo do 2026, á **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO**, exponse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 30 de xullo de 2026.- A 1.ª tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2091

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

*Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo do 2026 prestou aprobación á Modificación da redacción do artigo 8 do acordo marco funcionariado do Concello e do convenio de persoal laboral relativos a xornada de traballo, co seguinte detalle:

**Primeiro:** Modificar a redacción dos artigos 8 do Acordo marco do funcionariado do concello de Monforte de lemos e do Convenio do persoal laboral do concello de Monforte de lemos, relativos a xornada de traballo que quedan redactados co seguinte texto:

"8.1: A xornada laboral xeral será de 35 horas semanas de traballo efectivo de promedio, en cómputo mensual. As xornada especiais adecuaranse cuantitativamente ao mencionado cómputo.

A concreción anual da prestación do servizo realizarase no Calendario laboral que respectará o sinalado nas normas de carácter imperativo.

8.2: O horario laboral establecido con carácter xeral de luns a venres de sete e trinta minutos a vinte horas (7:30 a 20:00 horas) Dentro deste horario establécese un período de presenza obrigatoria, comprendido entre as nove e as catorce horas. O resto da xornada ata acadar, en cómputo mensual, a xornada laboral común establecida no apartado primeiro deste artigo, poderá realizarse entre as sete trinta e as vinte horas, de luns a venres, con carácter ordinario, podéndose estender ao sábado o domingo.

Neste último suposto, terase sempre en conta as necesidades de funcionamento do servizo e o mellor aproveitamento do tempo de traballo. A opción horaria de cada traballador terá a conformidade do correspondente Xefe de Servizo e do deputado delegado de cada Área. O Rexistro xeral que estará aberto ao público os días hábiles, así como aqueloutras dependencias onde iso sexa preciso. A atención será rotatoria e compensada mediante acordo coa Xunta de Persoal, oídos os traballadores afectados. Tamén será rotatoria e compensada a atención nos supostos de que parte da xornada semanal teña que realizarse en sábado ou domingo. A xornada dos traballadores que teñan atribuído no seu posto de traballo o complemento específico polo factor de incompatibilidade ou especial dedicación será de trinta e sete horas e media semanais, sen prexuízo do aumento de horario que excepcionalmente sexa preciso por necesidades do servizo. Todo o persoal funcionario e laboral da Entidade someterase ao control de presenza fichando a través dos sistemas autorizados e habilitados ao efecto."

**Segundo:** Engadir o apartado 3 aos artigos 8 co seguinte tenor literal:

"Poderán adoptarse como medidas de flexibilidade para a conciliación da vida familiar e laboral, no marco das necesidades do servizo, nos seguintes supostos:

A) Os empregados ou empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas maiores, fillos ou fillas menores de 12 anos, persoas suxeitas a tutela ou acollemento menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, así como quen teña ao seu cargo directo a familiares con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria o horario fixo de xornada que teñan establecido. Este dereito poderá exercerse tamén no ano en que o menor cumpra a idade de 12 anos.

Así mesmo, terán ese dereito aquelas que teñan necesidades de coidado respecto de outras persoas dependentes cando, neste último caso, convivan no mesmo domicilio, e que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos, debendo xustificar as circunstancias nas que fundamenta a súa petición.

B) Os empregados ou empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas con discapacidade

ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, poderán dispoñer de dúas horas de flexibilidade horaria diaria sobre o horario fixo que corresponda, a fin de conciliar os horarios dos centros educativos ordinarios de integración e de educación especial, dos centros de habilitación e rehabilitación, dos servizos sociais e centros ocupacionais, así como outros centros específicos onde a persoa con discapacidade reciba atención, cos horarios dos propios postos de traballo.

C) Cando as medidas de flexibilidade horaria recoñecidas nos dous apartados anteriores refíranse a descendentes ou persoas suxeitas a tutela ou acollemento menores de 12 anos, se houbese máis dun titular deste dereito polo mesmo suxeito causante, poderase instar o seu exercicio simultáneo. Non obstante, no caso de que ambos os proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

D) Excepcionalmente, os órganos competentes en materia de recursos humanos poderán autorizar, con carácter persoal e temporal, a modificación do horario fixo nun máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e nos casos de familias monoparentais."

**Terceiro**: Calquera referencia existente no Acordo marco do funcionariado do concello de Monforte de lemos e do Convenio do persoal laboral do concello de Monforte de lemos ,así como acordos posteriores, no relativo a xornada semanal entenderase referida ás 35 horas.

**Cuarto:** Realizar os trámites oportunos para a modificar destes artigos do Convenio de persoal laboral do concellIo de Monforte de Lemos e do Acordo Marco dos funcionarios e implantar a xornada laboral de 35 horoas semanais

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

a partir do 1 de outubro de 2026. (rematada a redución por horario de verán que permanecerá vixente ata o 15 de setembro de 2026)

Monforte de Lemos, 30 de xullo de 2026.- A 1.ª tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2092

---

*Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo do 2026 prestou aprobación á Modificación da relación de postos de traballo, co seguinte detalle:

1º.- Modificar a RPT para a ampliación dun posto a maiores na ficha de arquitecto FAE07-1-2 e outro na ficha de Educador/a de familia LA05-1-2, xustificadas na carga de traballo dos postos, así coma, unha modificación na puntuación do postos FAE08 e modificar o sistema de acceso dunha das prazas de oficial de obras por promoción interna LA07-1-2-3 para favorecer a carreira horizontal e aplicar a xornada de 35 horas semanais a todo o personal municipal.

2º.- Deixar sen efecto dende o 01/01/2026 a RPT do Organismo Autónomo de Drogodependencias.

3º.- Modificación puntuación do complemento específico do posto FAE08, en execución da sentenza 229/2023, baseada nos seguintes criterios:

a) Mantense a puntuación de 70 no concepto de Dificultade, inicialmente valorada en lugar dos 60 puntos que se puxo na anterior execución da sentenza.

| | Grado | Puntos | **Conxunto de coñecementos, experiencia e habilidades requiridas para desempeñar adecuadamente o posto, independentemente de como se adquira. Comprende a competencia requirida pola complexidade da función ou proceso e a competencia requirida pola amplitude da xestión coa que o posto enfrontase para integrar ou harmonizar recursos, actividades, funcións, grupos e obxetivos.** | |
|---|---|---|---|---|
| **FACTOR I** | | | **Complexidade da función ou proceso** | **Amplitude ou hetereoxeidade dos coñecementos** |
| | D | 70 | Pericia no campo especializado complexo. Vasta comprensión de principios e prácticas. Autonomia plena na xestion dos asuntos que teñen encomendados, propios da súa función. | Integración e coordinación de operacións e actividades heteroxenias natureza e obxectivo. En coordinación con outros departamentos, tanto na planificación como na execución de actividades. Son postos que transforman obxectivos globais fixados pola dirección en obxectivos individuais e de equipo |

b) Segundo o que se establece na sentenza elevar a puntuación no concepto de responsabilidade de 5 a 30 puntos, aplicando o criterio recollido no manual, unha vez revisadas as puntuacións do postos de Traballo.

| | Grado | Puntos | **Mide o valor que aporta o posto á organización en función da liberade para actuar e as consecuencias da actuación** |
|---|---|---|---|
| **FACTOR II** | **B** | **30** | Traballos realizados con prácticas e procedementos estandarizados. Aínda que requiran autonomía para o desempeño este é supervisado por outros. O impacto nos resultados é remoto. |

c) O concepto de atención cidadá, aumentar de 5 a 10

| | Grado | Puntos | **Competencias relativas á intelixencia emocional. Comprenden dominio dos propios comportamentos e habilidades da relación social** |
|---|---|---|---|
| **FACTOR III** | **A** | **5**<br>**10**<br>**20** | Necesita relacionarse frecuentemente con un nivel normal de trato ou, polo contrario, require permanecer moito tempo só e precisa certo nivel de automotivación. Non entraña risco psicosocial. |

d) Adicación, aumentar de 5 a 10 puntos

| | Grado | Puntos | **Refírese o tempo adicado á prestación do traballo, ben sexa na xornada de réxime ordinario ou ben en réxime de especial adicación. Tamén mide as características de algunhas xornadas tales como nocturnidade, turnicidade ou traballo en sábados, domingos e festivos.** |
|---|---|---|---|
| **FACTOR VII** | **A** | **5**<br>**10**<br>**20** | Traballo con quendas rotativas. Incluída a dispoñibilidade de noite, de fin de semana ou festivos. Ou ben, traballo que require presencia esporádica fora das horas habituais de traballo. Igualmente xornada en horario partido (mañá e tarde), con distintas funcións. |

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

Quedando a puntuación do posto como se detalla a continuación:

**IDENTIFICACIÓN DO POSTO**

| DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO | | CÓDIGO | Nº POSTOS |
|---|---|---|---|
| ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL | | FAE08 | 1 |
| **UNIDADE ORGANIZATIVA** | **ASIGNACIÓN** | **GRUPO NIVEL** | **PUNTOS C.E.** |
| Área Servizos | Servizos | A2 25 | 140 |

| TIPO POSTO / CORPO | SITUACIÓN | Antigüedad | FORMA DE PROVISIÓN |
|---|---|---|---|
| Funcionario/a Adm. Esp. | Propiedade | 18/02/2013 | Oposición Libre |

**7- VALORACIÓN COMPLEMENTO ESPECIFICO**

| POSTO CÓDIGO | Dificulta. Técnica | Responsa biliade | Atenci Cidada | Perigosidade | Penosi dade | Incompa tibilidade | Xornada Dedicac. | Total Puntos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FAE08 | 70 | 30 | 10 | 5 | 5 | 10 | 10 | 140 |

Tendo en conta que cada punto está valorado en 110€, corresponderíalle 4.950,00€ anuais máis. Pasando de cobrar de complemento específico en termos anuais 10.450,00€ a cobrar 15.400,00€

4º.- Modificar a xornada do posto LA21 de profesor/a de violín de xornada parcial a xornada completa, por necesidades do servizo xustificada polo Director do Conservatorio Municipal.

5º.- Realizar os trámites correspondes para a modificación na RPT e a súa entrada en vigor.

Monforte de Lemos, 30 de xullo de 2026.- A 1.ª tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2093

## PARADELA

*Anuncio*

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 30 de xullo de 2026 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 15/2026, de suplemento de crédito nº 01/2026, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 23.643,62€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 30 de xullo de 2026.- A alcaldesa – presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 2094

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 30 de xullo de 2026, resolveuse o expediente de investigación sobre a titularidade do camiño denominado “Mazo a Rañadoiro” (referencia 9052), iniciado por Acordo do mesmo órgano de data 3 de xuño de 2026, declarando a titularidade pública municipal de dito camiño e a súa cualificación xurídica como ben de dominio público destinado ao uso público.

O que se fai público para xeral coñecemento, de conformidade co disposto no artigo 52 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, informando aos interesados de que contra o citado acordo, que pon fin á vía administrativa, se poderán interpoñer os seguintes recursos:

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

a) Potestativamente, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Paradela, 31 de xullo de 2026.- A alcaldesa – presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 2095

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

*Anuncio*

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión extraordinaria celebrada en data 30 de xullo de 2026, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº3/SC/2026, Modificación orzamentaria nº15/2026, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 30 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2096

---

*Anuncio*

Aprobación definitiva de modificación de crédito 11/2026 mediante suplementos de créditos 2/SC/2026

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 8/2026, dentro do orzamento municipal do exercicio 2026, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 8 ó 29 de xullo de 2026, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 153 de data 7 de xullo de 2026, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

| DENOMINACIÓN | PARTIDA | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO | TOTAL PARTIDA |
|---|---|---|---|---|
| Adquisición de furgoneta 4 X 4 | 170.624 | 40.000,00 | 10.000,00 | 50.000,00 |

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

| **CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTGX)** | **IMPORTE €** |
|---|---|
| Remanente Inicial: | 1.383.735,27 |
| Remanente Utilizado: | 33.886,35 |
| Remanente Líquido de Tesourería Dispoñible: | 1.383.735,27 |
| Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación: | 10.000,00 |
| Resto de Remanente de Tesourería Disponible: | 1.380.585,27 |

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

A) **ESTADO DE INGRESOS**

| CAPÍTULOS | ANTERIOR | MODIFICACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 161.138,89 | | 161.138,89 |

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | 0,00 | | 0,00 |
| 3 | 104.106,74 | | 104.106,74 |
| 4 | 908.812,80 | | 908.812,80 |
| 5 | 17.296,40 | | 17.296,40 |
| 6 | 0,00 | | 0,00 |
| 7 | 515.303,68 | | 515.303,68 |
| 8 | 234.192,12 | 10.000,00 | 244.192,12 |
| 9 | 0,00 | | 0,00 |

**B) ESTADO DE GASTOS**

| CAPÍTULOS | ANTERIOR | MODIFICACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 827.583,32 | | 827.583,32 |
| 2 | 366.149,39 | | 366.149,39 |
| 3 | 400,00 | | 400,00 |
| 4 | 9.600,00 | | 9.600,00 |
| 5 | 0,00 | | 0,00 |
| 6 | 737.117,92 | 10.000,00 | 747.117,92 |
| 7 | 0,00 | | 0,00 |
| 8 | 0,00 | | 0,00 |
| 9 | 0,00 | | 0,00 |

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 31 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2097

*Anuncio*

Aprobación definitiva de modificación de crédito 8/2026 mediante suplementos de créditos 1/SC/2026

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 8/2026, dentro do orzamento municipal do exercicio 2026, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 8 ó 29 de xullo de 2026, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 153 de data 7 de xullo de 2026, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

| DENOMINACIÓN | PARTIDA | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO | TOTAL PARTIDA |
|---|---|---|---|---|
| Acondicionamento e mellora ambiental de fonte pública no lugar de Veiga de Forcas | 450.619 | 530.738,94 | 3.150,00 | 533.888.94 |

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

| CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTGX) | IMPORTE € |
|---|---|
| Remanente Inicial: | 1.383.735,27 |
| Remanente Utilizado: | 0,00 |
| Remanente Líquido de Tesourería Dispoñible: | 1.383.735,27 |
| Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación: | 3.150,00 |
| Resto de Remanente de Tesourería Disponible: | 1.380.585,27 |

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

**A) ESTADO DE INGRESOS**

| CAPÍTULOS | ANTERIOR | MODIFICACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 161.138,89 | | 161.138,89 |
| 2 | 0,00 | | 0,00 |
| 3 | 104.106,74 | | 104.106,74 |
| 4 | 905.812,80 | | 905.812,80 |
| 5 | 17.296,40 | | 17.296,40 |
| 6 | 0,00 | | 0,00 |
| 7 | 515.303,68 | | 515.303,68 |
| 8 | 200.305,77 | 3150,00 | 203.455,77 |
| 9 | 0,00 | | 0,00 |

**B) ESTADO DE GASTOS**

| CAPÍTULOS | ANTERIOR | MODIFICACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 827.583,32 | | 827.583,32 |
| 2 | 332.413,04 | | 332.413,04 |
| 3 | 400,00 | | 400,00 |
| 4 | 9.600,00 | | 9.600,00 |
| 5 | 0,00 | | 0,00 |
| 6 | 733.967,92 | 3.150,00 | 737.117,92 |
| 7 | 0,00 | | 0,00 |
| 8 | 0,00 | | 0,00 |
| 9 | 0,00 | | 0,00 |

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 30 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2098

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

*Anuncio*

Aprobación definitiva de modificación de crédito 9/2026 mediante créditos extraordinarios 1/CE/2026

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 9/2026, dentro do orzamento municipal do exercicio 2026, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 8 ó 29 de xullo de 2026, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 153 de data 7 de xullo de 2026, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

| DENOMINACIÓN | PARTIDA | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO | TOTAL PARTIDA |
|---|---|---|---|---|
| Tarifa de utilización de auga como consecuencia do proxecto de rehabilitación do sistema de saneamento do núcleo de O Cebreiro | 161.22500 | 600,00 | 30.736,35 | 31.336,35 |

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

| **CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTGX)** | **IMPORTE €** |
|---|---|
| Remanente Inicial: | 1.383.735,27 |
| Remanente Utilizado: | 3.150,00 |
| Remanente Líquido de Tesourería Dispoñible: | 1.380.585,27 |
| Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación: | 30.736,35 |
| Resto de Remanente de Tesourería Disponible: | 1.349.848,92 |

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

**A) ESTADO DE INGRESOS**

| CAPÍTULOS | ANTERIOR | MODIFICACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 161.138,89 | | 161.138,89 |
| 2 | 0,00 | | 0,00 |
| 3 | 104.106,74 | | 104.106,74 |
| 4 | 905.812,80 | | 905.812,80 |
| 5 | 17.296,40 | | 17.296,40 |
| 6 | 0,00 | | 0,00 |
| 7 | 515.303,68 | | 515.303,68 |
| 8 | 203.455,77 | 30.736,35 | 234.192,12 |
| 9 | 0,00 | | 0,00 |

**B) ESTADO DE GASTOS**

| CAPÍTULOS | ANTERIOR | MODIFICACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 827.583,32 | | 827.583,32 |
| 2 | 332.413,04 | 30.736,35 | 363.149,39 |
| 3 | 400,00 | | 400,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | 9.600,00 | | 9.600,00 |
| 5 | 0,00 | | 0,00 |
| 6 | 737.117,92 | | 737.117,92 |
| 7 | 0,00 | | 0,00 |
| 8 | 0,00 | | 0,00 |
| 9 | 0,00 | | 0,00 |

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 30 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2099

## RIBAS DE SIL

*Anuncio*

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación, en sesión Ordinaria de fecha 29/04/2026, la inclusión en el PLAN MUNICIPAL DE OBRAS EL PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE UNA DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES EN EL NÚCLEO DE SAN PEDRO. T.M. DE RIBAS DE SIL (LUGO). PDM MIÑO-SIL.

El citado Plan se expone al público en las oficinas municipales durante el plazo de 20 días hábiles, contados a partir de su publicación en el BOP de Lugo y en el tablón de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento.

Durante dicho plazo podrá ser examinado y podrán formularse las alegaciones y reclamaciones que se crean convenientes por parte de los interesados. Transcurrido dicho plazo sin que se presentasen alegaciones se entenderá definitivamente aprobado sin necesidad de acto administrativo expreso.

La aprobación definitiva del Plan Municipal de Obras llevará implícita la declaración de utilidad pública de las obras y la necesidad de ocupación de los bienes y derechos afectados, a los efectos previstos en la Ley de 16 de diciembre de 1954, de expropiación forzosa.

Ribas de Sil, 31 de julio de 2026.- El alcalde, Roberto Castro González.

R. 2100

## O SAVIÑAO

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA MC 19/2026. MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS E CRÉDITO EXTRAORDINARIO (EXP. 936/2026)**

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 02 de xullo de 2026, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 19/2026, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, por un importe total de 545.873,62 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

**Suplementos en aplicacións de gastos**

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | DESCRICIÓN | SUPLEMENTO DE CREDITO | CREDITO EXTRAORDINARIO |
|---|---|---|---|---|
| 342 | 619 | MELLORA ACCESIBILIDADE CAMPO FUTBOL MUNICIPAL (aportación AGADER) Exp. 243/2026 | | 6.892,28 |
| 432 | 619 | ACONDICIONAMENTO ACCESO MIRADOR CABO DO MUNDO (aportación AGADER) Exp. 243/2026 | | 5.194,99 |

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 153 | 619 | REFORMA E EQUIPAMENTO PRAZA PARA MERCADO DE PRODUTOS LOCAIS (aportación AGADER) Exp. 243/2026 | | 8.878,98 |
| 453 | 619 | PLAN COOP. DEP. 2026 MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS VILACAIZ, REIRIZ E ALPERIZ (aportación) Exp. 563/2026 | | 60.000,00 |
| 450 | 210 | SUBMINISTRO FORMIGÓN | 60.000,00 | |
| 338 | 22699 | FESTA VENDIMIA | 35.000,00 | |
| 153 | 619 | MELLORA PAVIMENTACIÓN CAMIÑO REAL | | 63.035,76 |
| 453 | 619 | PAVIMENTACIÓN CAMIÑO PÚBLICO EN O CASTRO- VILAESTEVA | | 32.293,79 |
| 453 | 619 | MELLORA FIRME CAMIÑOS MUNICIPAIS:<br>- Acceso Castro-Vilaesteva<br>- Villaravides<br>- Sabariz<br>- Troifil<br>- San Adrián-Xuvencos<br>- Susmil-Lamagrande | | 240.161,27 |
| 453 | 619 | PLAN CAMIÑOS RURAIS 2026-2027 (aportación) Exp. 320/2026 | | 18.503,52 |
| 171 | 619 | Mellora area recreativa da devesa-peche (aportación)<br>Exp. 535/2026 | | 15.000,00 |
| 171 | 623 | Adquisición tractor rozadoira (aportación) Exp. 357/2026 | | 912,73 |
| **TOTAL GASTOS** | | | **95.000,00** | **450.873,32** |

Esta modificación fínanciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

**Suplementos en Concepto de Ingresos**

| Concepto | Descrición | Euros |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente Tesourería para Gastos Xerais | 545.873,32 |
| | TOTAL INGRESOS | **545.873,32** |

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos de estado de gastos do referido orzamento 2026 queda da seguinte forma:

| Capítulo | Descrición | Consignación antes do exp. de modificación | Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos | Total da consignación resultante |
|---|---|---|---|---|
| 1. | GASTOS DE PERSOAL | 626.860,00 | 0,00 | 626.860,00 |
| 2. | GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS | 3.120.820,76 | 95.000,00 | 3.215.820,76 |
| 3. | GASTOS FINANCEIROS | 3.500,00 | 0,00 | 3.500,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4. | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 48.932,00 | 0,00 | 48.932,00 |
| 5. | FONDO DE CONTINXENCIA | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 6. | INVERSIONS REAIS | 19.550,00 | 450.873,32 | 470.423,32 |
| 7. | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 8. | ACTIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 9. | PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | | **3.819.662,76** | **545.873,32** | **4.365.536,08** |

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 31 de xullo de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2101

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2026 (05/08/2026 08:00:00)